

A SITUACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO EN PORTUGAL

Yolanda, Rodríguez Castro*; Maria Jose, Magalhães**; María, Lameiras Fernández*; Jose María, Faílde Garrido*

* (Área de Personalidade, Avaliación e Tratamentos Psicológicos, FCE, Campus Ourense).

** (Faculdade de Psicologia e Ciências da Educação, CIIE, Universidade de Porto).

Introducción

A violencia exercida contra as mulleres inclúe unha multiplicidade de prácticas que coaccionan as mulleres simplemente por o feito de selo. Esta violencia foi invisible durante cento de anos. Ninguén percibía a violencia contra a parella, nin tan se queira as propias vítimas. É mais, nalgúns países como Portugal, ata fai 30 anos non se contemplaba estes tipos de crimes, xa que a muller tiña a obedecer “naturalmente” ao seu marido.

Un dos conceptos mais aceptados hoxe en día para falar da violencia contra as mulleres, é de Violencia de Xénero, coa finalidade de sinalar a importancia que ten a cultura de maneira que esta violencia é unha construción social, e non exclusivamente unha derivación espontánea da natureza individual (segundo defenden as posturas bioloxicistas, sociobioloxicistas, evolucionista, etc.). Neste concepto de violencia de xénero inclúense todas as formas de maltrato psicolóxico, físico e sexual ao que son sometidas as mulleres. A violencia de xénero é fruto da adxudicación de diferentes características e roles a mulleres e homes e colocalos nunha xerarquía, na que son homes os que ostentan o lugar de maior privilexio. De maneira, que as mulleres son victimizadas polo feito de non corresponderse con o ideal da masculinidade hegemónica (Connel, 1996).

Este capítulo centrado na violencia de xénero en Portugal, comeza presentando o contexto da lexislación portuguesa sobre a violencia de xénero, para facer seguidamente un recorrido polas cifras de femicidios en Portugal, para a continuación dar conta das principais respostas sociais dirixidas as mulleres vítimas de violencia de xénero. Finaliza este capítulo dando a coñecer algúns dos resultados de investigacións sobre violencia de xénero que se están a levar en Portugal.

A Lexislación portuguesa sobre Violencia de Xénero

A primeira vez que na lexislación portuguesa contemplouse o crime de malos tratos “físicos” entre os conxugues foi en 1982, con o denominado Novo Código Penal. Este crime foi considerado de natureza pública e tiña unha pena de seis meses a tres anos e ademais, conlevaba unha multa económica de ata cen días.

Case dez anos despois, en 1991, a Lei nº 61/91, do 13 de agosto, garantiza unha protección adecuada as vítimas de violencia e contempla a creación dun sistema de garantías adecuadas, para parar a situación da violencia doméstica e reparar os danos ocorridos, atendendo as vítimas da violencia por persoal especializado nos órganos policiais, inclusive nos hospitais para facilitar a posta da denuncia. Unha medida importante que prevía esta lei, era a orde de afastamento do agresor da vivenda conxugal. Sen embargo, esta iniciativa así como outras contempladas nestas lei, non chegaron nunca a ser aplicadas xa que o Goberno portugués non as regulamentou. Outras medidas contempladas foron a creación dun gabinete SOS para atención telefónica das mulleres vítimas de violencia e a creación xunto dos órganos da policía criminal seccións de atendimento ás mulleres vítimas de crimes de violencia.

Posteriormente, no ano 1995 faise unha revisión do Código Penal, e con o Decreto Lei nº 48/95 do 15 de marzo, prodúcese un certo retroceso na loita contra os malos tratos, xa que a pesar de aumentar o tempo de prisión de un a cinco anos e que se contemplou por primeira vez os malos tratos psicolóxicos como unha conducta punible, a natureza do crime pasa a ser particular, o que implica que debe facerse previamente unha denuncia ao procedemento criminal, por parte “unicamente” da vítima. Tres anos despois, a Lei nº 65/98, do dous de setembro, fai unha nova alteración en relación a natureza do crime, pois pase a ser semi-público dependendo aínda da vontade da vítima. Isto significa que o Ministerio Público ten “relativa” lexitimidade para iniciar o procedemento de acusación, pero tendo en conta certas condicións, como que a vítima non se negue a seguir co procedemento e que o acusado non manifeste o seu desacordo fronte a queixa.

Finalmente, no ano 2000 coa Lei nº 7/00, do 27 de maio, concédelle novamente o crime de malos tratos a natureza de tipo pública, coma xa se contemplara case vinte anos atrás. A partir desta data, o Ministerio Público ten “completa” lexitimidade para iniciar o procedemento de acusación, é unha vez que o inicia debe continualo, a pesar de contar coa oposición do acusado. Sen embargo, esta lei inclúe aínda a suspensión do proceso no caso en que a vítima se negase a proseguir o procedemento, pero cando a vítima estivera preparada esta podería facer retomar o proceso da acusación.


Un paso mais na defensa das mulleres vítimas de violencia de xénero deuse coa reforma do Sistema Penal, en setembro do 2007, xa que contemplouse a creación dun novo tipo legal de crime o da “violencia doméstica”, que inclúe medidas de protección e castigo para a parellas ou ex- parellas coas que xa non se convive, é dicir, por primeira vez en Portugal, se protexa as mulleres que teñen unha parella e non viven no mesmo domicilio. Tal e como asinala, Teresa Pais (2010, p. 250) este concepto de violencia doméstica foi *alargado a ex-conxugues e ex-parellas, e a pares afectivos (namorados ou relacións homosexuais sen conxugalidade definida)*. Pero nesta lei existe unha gran limitación que é o “delito infraganti” que consiste en que as forzas de seguridade (Policia, Garda Nacional Republicana) soamente pode actuar se collen ao agresor no “mesmo” momento no que se produce delito. Esta normativa atenúa considerablemente as posibilidades de protección a muller vítima de violencia de xénero que os servicios de policiais poden ofrecer, xa que moitas veces, ese crime faise no interior da vivenda conxugal.

A Lei n.º 112/2009, de 16 de Setembro, foi a última lei aprobada para prevención da violencia doméstica, protección e asistencia das súas vítimas. Esta lei establece un conxunto de medidas entre as que podemos destacar:

- a) Consagrar os dereitos das vítimas, garantindo a súa protección rápida e eficaz. Por primeira vez, crease o Estatuto de Vítima. Para a muller acadar o estatuto de vítima é imprescindible que denuncie previamente o crime de violencia doméstica. O estatuto de vítima outórgalle a muller unha serie de dereitos como o *dereito a información* (do proceso a seguir xudicialmente, dos servizos e organizacións a os que se pode dirixir para obter apoio, etc.), *dereito a protección* sempre e cando as autoridades competentes consideren que existe risco na vida da muller, *dereito a asistencia específica* (consulta xurídica e apoio xudicial cando este sexa pola vía penal), *dereito a indemnización e a restitución dos bens*.
- b) Poñer en marcha unha rede nacional de servizos de apoio as mulleres vítimas de violencia doméstica que abarca o organismo da Administración Pública responsable pola área de Cidadanía e da Igualdade de Xénero (CIG), as Casas de Acolida (chamadas “Casas de Abrigo”), os Centros de Atendimento e os Centros de Atendimento Especializado. Nesta lei defínense as condicións e regulacións destas respostas sociais.
- c) Desenvolver políticas de sensibilización nas áreas da educación, da información, da saúde e do apoio social. En concreto, no ámbito da educación, fala da Educación para a Cidadanía, que é o Estado quen debe definir, nos obxetivos e nas liñas de orientación curricular da educación infantil, dos ciclos de ensino básico e secundario, os principios orientadores dun programa de prevención do crime de violencia doméstica, no que se inclúan as nocións sobre o fenómeno da violencia e as súas manifestación, orixe e consecuencias, o respecto a intimidade, os comportamentos parentais e a inter-relación na vida familiar, e as relacións de poder que marcan as interaccións persoais, grupais e sociais.

As Cifras da Violencia de Xénero en Portugal


En Portugal os datos de mulleres asasinadas a mans das súas parellas ou ex – parellas son alarmantes, segundo as cifras que mostra o Observatorio de Mulleres asasinadas de U.M.A.R. (Asociación Feministas a nivel nacional: *União de Mulheres Alternativa e Resposta*) e a Comisión para a Cidadanía e Igualdade de Xénero do goberno portugués (CIG). O analizar a evolución dos datos de mulleres mortas por violencia de xénero dende o ano 2004 ata o ano 2010, comprobamos que en todos os anos as cifras de mulleres mortas son arrepiantes, soamente no ano 2007 prodúcese un notable descenso (22 mulleres mortas), pero no ano seguinte, alcánzase a escandalosa cifra de 46 mulleres mortas. A pesar de que nos últimos dous anos, produciuse un descenso no número de femicidios, as cifras non deixan de ser preocupantes (ver figura 1).



Fonte: UMAR (2011)

Un dato importante é o incremento do número de denuncias feitas polas mulleres vítimas de violencia de xénero, de forma que cóntase con un aumento do 11% en cada ano, sendo que, en 2009 mais de 30.000 vítimas presentaron denuncias nas Forças de Segurança (Informe MAI, 2009).

Ademais, se facemos unha comparativa con os datos da violencia de xénero dende 2004 ata 2010 con outros países, como por exemplo España, mostra claramente a crúa e devastadora realidade da violencia de xénero en Portugal (ver figura 2). Mais concretamente, se facemos os cálculos en relación a poboación de Portugal (10 millóns) e de España (47 millóns), os datos mostran que en Portugal case se triplica a cifra de mulleres asasinadas polas súas parellas ou ex -parellas (3.9 mulleres mortas por millón de habitantes) fronte a un 1.5 en España no ano 2010.




Fonte: elaboración propia

En Portugal, a pesar da aprobación de novas lexislacións para defender a muller da violencia de xénero, en contra do esperado, tal e como xa sinalamos anteriormente, no ano 2010 prodúcese un incremento no número de femicidios, sendo 39. Tamén as tentativas de homicidio aumentaron en máis de dez casos, ocasionándose neste mesmo ano 37 intentos de asasinar a súas parellas o ex –parellas.

Se seguemos analizando os datos deste último ano, un 60% do total mulleres que foron asasinadas a mans das súas parellas, ademais un 20% dos femicidios foron cometidos por ex –parellas en trámites de separación, e un 20% por ex –parellas que xa tiñan a sentenza do divorcio. Outro dato, interesantes a resaltar, é o da violencia intra-familiar que da conta de un 11% de crimes de homicidios ás mulleres, sendo un 8% cometido por descendentes directos da vítima e un 3% cometidos por outros familiares (UMAR, 2011).

Segundo o Observatorio de UMAR (2011), das 39 mulleres asasinadas, foron tamén asasinadas 11 persoas mais (vítimas asociadas) en secuencia de este tipo de crime, facendo un total de 50 persoas mortas.

En relación a idade das vítimas neste último ano, un 36% das mulleres mortas por violencia de xénero situábanse entre o tramo de idade de 36 a 50 anos, seguido polo grupo etario de vítimas con idades comprendidas entre os 24 e 35 anos (31%), e un 25% de vítimas tiñan entre 18 e 23 anos (ver figura 3).



Fonte: UMAR (2011)

Finalmente, en relación aos datos relativos aos agresores do crime de homicidio contra as mulleres destacar que un 43% sitúanse entre o rango de idade dos 36 aos 50 anos, seguido polos de maior idade (máis de 50 anos) que son un 27%. Tamén un 92% dos agresores son de nacionalidade portuguesa, un 49.1% teñen estudos primarios e un 68.4% exercen profesións de pouca cualificación.

As respostas sociais as mulleres vítimas de violencia de xénero

As principais respostas sociais ás mulleres vítimas de violencia de xénero en Portugal son dúas: as casas de acollemento temporal, denominadas “Casas de Abrigo”, e os Centros de Atendimento. Ademais podemos sinalar outras como os núcleos de atendimento, as liñas telefónicas e as Forzas de Seguridade que contan “teoricamente” con persoal especializado.

As Casas de Abrigo

Podemos definir as Casas de Abrigo (casas de acollemento) como unidades residenciais destinadas ao acollemento temporal de mulleres e seus fillos/as menores, que son vítimas de violencia física, psicolóxica e/ou abuso sexual. Os obxetivos das casas de abrigo, plantexados na Lei n.º 112/2009, do 16 de Setembro, son:

- a) Acomodar temporalmente as mulleres vítimas con ou sen fillos/as menores de idade, proporcionándolles un espazo que lles de seguridade e tranquilidade para reflexionar sobre a situación vivida e así, poder empezar con unha nova vida.
- b) Promover durante a permanencia da muller na casa de abrigo, aptitudes persoais, profesionais e sociais das vítimas, para evitar posibles situacións de exclusión social e tendo en vista a súa efectiva reinserción social.

A responsabilidade de estas Casas de Abrigo é do Estado portugués, xa que deben conceder apoio, con carácter prioritario, ás casas de abrigo de mulleres vítimas de violencia de xénero e tamén asegurar o anonimato e confidencialidade das mesmas. Unha muller, por si soa, non ten acceso as casas de acollida, teñen que ser encamiñadas de un centro de atendimento, de un servizo de atendimento telefónico da liña verde, ou

ben de outras entidades estipuladas na lei, onde debe ser feito, previamente, unha avaliación da situación da muller, e a continuación, é importante contarlle a muller vítima cales son as características das casas de abrigo e o seu funcionamento.

As casas de abrigo deben contar con un equipo técnico pluridisciplinar, integrado polas áreas do dereito, da psicoloxía e do servizo social, coa finalidade de diagnosticar a situación das vítimas de acollida na institución e apoialas na definición e execución dos seus proxectos de vida. A lei tamén estipula que son os/as responsables das casas de abrigo, os que deben denunciar aos servizos do Ministerio Público competente a situación de vítimas (mulleres e os seus fillos/as) das que teñan coñecemento, para que se inicie o procedemento criminal correspondente.

En relación ao funcionamento das casas de abrigo, trátase de organizalas en unidades que favorezan unha relación afectiva de tipo familiar, unha vida diaria personalizada e así como, a súa integración na comunidade. As casas de abrigo réxense por un regulamento interno propio que previamente debe ser aprobado polos membros do Goberno responsables da área da Cidadanía e da Igualdade de Xénero e do Traballo e Solidariedade Social. Ademais no momento de entrar a vítima na casa de abrigo é obrigatorio darllo a coñecer para que esta poda firmar a súa aceptación.

A primeira casa de abrigo construída para tal fin en Portugal foi creada pola organización feminista U.M.A.R. no ano 2002. Aínda que houbo algunha outra anterior, que atendía a outro colectivo, é reestruturouse para atender a mulleres vítimas de violencia de xénero. Actualmente en Portugal, existe unha rede de 40 casas de abrigo (ver figura 4), aínda que con un funcionamento “real” de 35 (UMAR, 2011). As casa de abrigo poden funcionar con equipamentos pertencentes a entidades públicas ou particulares sen fins lucrativos, e o Estado debe apoiar a súa acción mediante acordos de cooperación.

Figura 4. Núcleos e Centros de Atendimento e Casas de Abrigo en Portugal.



Segundo o estudo feito pola Comisión para a Cidadanía e Igualdade de Xénero (2008), as Institucións Particulares de Solidariedade Social (IPSS) constitúen un 78.3% das entidades xestoras das casas de abrigo, sendo un 17.4% dirixidas por Organizacións non Governamentais, e finalmente un 4.3% por outras institucións equiparada as Institucións Particulares de Solidariedade Social (IPSS). Estas Institucións de Solidariedade Social que dirixen a gran maioría das casas de abrigo, poden definirse como humanistas que defenden os valores cristiáns de axuda ao próximo, baseados na

doutrina social da Igrexa católica, onde a familia ocupa un lugar central e o individuo é perspectivado dende unha forma neutra, independentemente do xénero. Esta neutralidade do xénero, que está presente nestas institucións, presupón que a muller debe estar inmersa nas telas das relacións familiares, e por lo tanto, subordinada a importancia social do seu papel reproductor, é o que nos leva a considerar estes principios humanistas como non feministas (Magalhães, Rodríguez e Morais, en prensa).

Os Centros de Atendimento

Estes centros de atendimento son unidades formadas por un ou mais equipos técnicos, pluridisciplinares, de entidades públicas dependentes da administración central ou local, ou ben de entidades que teñan protocolos de colaboración e que garanten o atendimento, o apoio e a reencamiñamento das mulleres vítimas de violencia de xénero acompañadas ou non polos seus fillos ou fillas menores de idade.

Entre os obxetivos dos centros de atendimento a mulleres vítimas de violencia de xénero, están:

- a) Elaborar un diagnóstico da situación, da forma de proceder a un acompañamento e/ou encamiñamento adecuado da muller vítima.
- b) Asegurar e garantir o atendimento inmediato a mulleres vítimas de violencia de xénero.
- c) Asegurar o apoio xurídico, psicolóxico e social, inmediato e/ou continuado no tempo. Para que a muller poda saír da situación da violencia na que está inmersa.

Existen en Portugal unha rede de 72 centros de atendimento, situados por todas as rexións do país (ver figura 4). As lexislacións polas que se dirixen son: a Lei n.º 107/99, de 3 de Agosto; Decreto-Lei n.º 323/2000, de 19 de Decembro; Resolución do Consello de Ministros n.º 88/2003, de 7 de Xullo - Plan Nacional Contra a Violencia Doméstica.

Proxectos de investigación sobre Violencia de Xénero centrados nas respostas sociais

Un dos primeiros estudos que se centraron en avaliar as Casas de Abrigo dende unha metodoloxía cuantitativa, foi o levado a cabo polo equipo de investigación da profesora Isabel Baptista (2007), para elo, entrevistaron as mulleres vítimas de violencia de xénero que estaban a vivir en cinco Casas de Abrigo seleccionadas. Esta investigación céntrase principalmente na caracterización e número de mulleres vítimas (usuarias), o tempo de permanencia na casa de acollida, cómo coñeceron a existencia deste recurso, e tamén avaliaron a satisfacción das usuarias en relación coa intervención dos/as profesionais das Casas de Abrigo. Algunhas das conclusións do seu estudio foi a necesidade de unha sistematización e actualización das respostas sociais existentes e sobre todo, promover o acceso dos/as técnicos/as a esa información. Tamén neste estudio, valoran un inadecuado investimento nos recursos humanos dos técnicos/as que están nos centros e en algúns casos teñen que asumir diversas funcións porque non existen equipos interdisciplinares, e ademais están asinados a distintas áreas nas casas

de acollida a mulleres vítimas, en centros de terceira idade, en centros de días, etc. Paralelamente, tamén se verificou neste estudio a existencia de problemas en relación a orientación e supervisión das prácticas, sendo un déficit a nivel de formación dos membros do equipo técnicos das institucións.

Un segundo estudio, como resposta a un encargo Gobernamental, consistiu na apreciación das condicións de funcionamento das casa de abrigo, onde avaliaron un total de 27 equipamentos, pero sen embargo a única información que presentan no informe é unha serie de recomendacións sobre o funcionamento das Casas de Abrigo (Despacho n.º 32648/2008, de 30 de Decembro).

Finalmente, un dos proxectos mais importantes e clarificadores da atención ás mulleres vítimas de violencia de xénero das Casas de Abrigo e dos Centros de Atendimento, é o *Proxecto Amor, Medo e Poder: recursos de vida para a non violencia*, levado a cabo por a equipa de investigación da profesora Maria Jose Magalhães. Este proxecto, aínda en camiño, ten entre unha das súas finalidades avaliar a efectividade das respostas sociais dirixidas as mulleres vítimas de violencia de xénero dende unha perspectiva feminista. De forma, que con unha metodoloxía cualitativa, avalíouse a os/as profesionais (directoras, directoras técnicas, psicólogos/as, avogados/as, e asistentes sociais) que están nos centros de atendimento e nas casas de abrigo, así como as mulleres (usuarias) destes servicios. Os resultados preliminares mostran que a ideoloxía da institución está moi relacionada con a súa organización, funcionamento e concepcións. A través dos discursos dos/as profesionais, encontramos institucións feministas, institucións humanistas (marcadamente non feministas), e outras mais intermedias. Nas institucións feministas perspectiván a muller como unha cidadán con dereitos “plenos”, por eso considérase que son elas as que deben tomar as decisións sobre o seu proxecto de vida, tamén deixan claro que o agresor é responsable do crime cometido contra as mulleres que son as vítimas. Noutras institucións as veces os seus profesionais parten dun concepto estereotipado da muller e centrado case exclusivamente na súa función maternal, isto reflicta unha clara falta de formación, incluso chegando ao extremo de que unha directora “victimiza” ao agresor no seu discurso. Ademais, intentan inculcar os valores da propia institución e levan a cabo o proxecto de vida da muller sen contar moito con ela. Dentro das institucións feministas tamén encontramos diferencias, xa que as que se enmarcan nunha perspectiva mais liberal acentúan o lado familiar, agradable e comfortable da casa, fronte as de perspectiva marxista que acentúan a proximidade ao “mundo real”.

Outra conclusión desta investigación é sobre os problemas que os profesionais de estes servicios perciben no seu traballo, que son principalmente tres: 1) a dificultade que teñen as mulleres das Casas de Abrigo de encontrar un piso de aluguer o que podan facer fronte economicamente, xa que lles piden unhas fianzas grandes que non poden asumir; 2) A dificultade das mulleres vítimas de encontrar “bos” traballos remunerados, para conseguir a súa independencia económica e mantemento da súa familia (fillos/as); e 3) A demora dos procedementos xudiciais. A xustiza portuguesa tarda moito tempo en levar a cabo os distintos procesos xudiciais que leva o crime da violencia doméstica. Un feito positivo é que moitas das casas de abrigo avaliadas, contaban con un equipo interdisciplinar formado por un/a director/a, un/a director/a técnico/a, un/a psicólogo/a e un/ha asistente social. Aínda que a maioría das veces a directora técnica tamén desempeñaba funcións de psicóloga ou de asistente social.

Tamén nos centros de atendimento a maioría, contaba con asistentes sociais, psicólogos/as, e abogados/as. Un aspecto común que encontramos entre os centros de atendimento e as casas de abrigo é que a maioría dos membros dos equipos técnicos eran mulleres, outro feito a destacar era a sobrecarga do traballo do persoal técnico, xa a maioría afirmaban saber a hora de chegada ao traballo pero non a hora de saída, incluso tendo gardas de fin de semana e polas noites.

Reflexión final

A realidade da violencia de xénero en Portugal presentase como un problema de tal magnitude que a pesar das novas lexislacións, non consegue solucionar. As cifras de femicidios son escandalosas se temos en conta que Portugal son dez millóns de habitantes, de forma que case triplican as cifras de mulleres mortas en España. Por outro lado, a lexislación portuguesa tampouco está a protexer a muller como debería, xa que é ela quen debe deixar a súa casa con os seus fillos/as e marchar para unha casa de abrigo fora da súa zona xeográfica e lonxe da súa familia, mentras que o agresor fica na casa familiar ata despois do xuízo. Tal e como expresou unha directora técnica dunha casa de abrigo: “Sae a mai, saen os fillos/as, saen todos... e el (o agresor) fica alí (na casa) rei” (Magalhaes *et al*, en prensa).

Unha forma de erradicar a violencia de xénero é a través da prevención para loitar contra o sistema patriarcal e sexista que se mostra como un sistema de dominación que se resiste a desaparecer, sobre todo na poboación portuguesa. Xá que estudos previos sobre sexismo levados a cabo en Portugal (Glick *et al*, 2000; Lameiras *et al*, 2002; Glick *et al*, 2004; Rodríguez *et al*, 2010) detectan un alto nivel de sexismo tradicional (sexismo hostil) nos homes e un alto e igual nivel de sexismo benevolente (que é un sexismo sutil, difícil de desenmascarar) nos homes e nas mulleres.

Por conseguinte, faise urxente e necesario educar as xeracións máis novas (aos rapaces e as rapazas) dende unha perspectiva igualitaria, onde se fomenten por igual os atributos femininos e masculinos, o equilibrio entre homes e mulleres nos ámbitos de poder e toma de decisións, e se elimine os estereotipos de xénero, así como as actitudes sexistas.

Referencias Bibliográficas

- Baptista, I. (2007). *Refuges' Evaluation Modelling (R.E.M.)*. Relatorio nacional. FCT.
- Connell, R. (1996). Teaching the Boys: New Research on Masculinity, and Gender Strategies for Schools. *Teachers College Record* 98, 206-35.
- Decreto- Lei nº 48/95 do 15 de marzo Diário da República núm. 63, Marzo 15, 1995, Serie I
- Decreto regulamentar nº 1/2006, de 25 de Janeiro. Organização, funcionamento das casas de abrigo.
- Decreto-Lei n.º 323/2000, de 19 de Dezembro.

Rodríguez Castro, Y., Lameiras, M., y Faílde, J.M. y Magalhaes, M.J. (2011). A situación da violencia de xénero en Portugal. En X. M. Cid (coord.), *Educación e Sociedade. Novas reflexións multidisciplinares. 10 anos da Facultade de Ciencias da Educación* (pp. 209-224). Ourense: Universidade de Vigo. ISBN: 978-84-8158-545-2

Despacho n.º 32648/2008, de 30 de Dezembro, Síntese do Relatório de Avaliação das Condições de Funcionamento das Casas de Abrigo. *Diário da República*, 2.ª série, n.º 251, 51216-51218.

Glick, P., Lameiras, M., Fiske, S. T., Masser, B., Volpato, C., Manganelli, A. M., Pek, J.C.X., Huang, L., Sakalli-Urgurlu, N., Rodríguez Castro, Y., D'Ávila, M.L., Willemsen, T.M., Brunner, A., Six-Materna, I., & Wells, R. (2004). Bad but Bold: Ambivalent Attitudes Toward Men Predict Gender Inequality in 16 Nations. *Journal of Personality and Social Psychology*, 86, 5, 713-728.

Glick, P.; Fiske, S. T.; Mladinic, A.; Saiz, J. L.; Abrams, D.; Masser, B.; Adetoun, B.; Osagie, J. E.; Akande, A.; Alao, A.; Brunner, A.; Willemensen, T., M.; Chipeta, K.; Dardanne, B.; Dijksterhuis, A.; Wigbouldus, D.; Eckes, T.; Six-Materna, Y.; Expósito, F.; Moya, M.; Foddy, M.; Kim, H. J.; Lameiras, M.; Sotelo, M. J.; Mucchi-Faina, A.; Romani, M.; Sakalli, N.; Udegbe, B.; Yamamoto, M.; Ui, M. & Ferreira, M. C. (2000). Beyond prejudice as simple antipathy: Hostile and benevolent sexism across cultures. *Journal of Personality and Social Psychology*, 79, 763-775.

Lameiras Fernández, M., López, W., Rodríguez Castro, Y., D'Ávila, M.L., Lugo, I., Salvador, B. C.M., Mineiro, E., & Granejo, M. (2002). La ideología del rol sexual en países iberoamericanos. *Avances en Psicología Clínica Latinoamericana*, 20, pp. 37-43.

Lei n.º 107/99, de 3 de Agosto. Criação da rede pública de casas de apoio as mulheres vítimas de violência. *Diário da República-I SERIE A*, n.º 179, 4994.

Lei n.º 61/91, de 13 de Agosto. Garante protecção adequada às mulheres vítimas de violência.

Lei n.º 112/2009, de 16 de Setembro. Regime jurídico aplicável à prevenção da violência doméstica e à protecção e assistência das suas vítimas. *Diário da República*, I serie, n.º 189, 6550-6561.

Lei n.º 7/00, do 27 de maio, sobre o Crime da Malos Tratos Conjugais.

Magalhaes, M.J., Rodríguez, Y. & Morais, C. (en prensa). Organização e funcionamento de uma casa de abrigo humanista para mulheres vítimas de violencia doméstica em Portugal: uma perspectiva feminista. *Psicología e Sociedade* (aceptado).

MAI (Ministério de Administração Interna) (2009). *Relatório Anual de Segurança Interna: Sistema de Segurança Interna*. Lisboa: Gabinete do Secretário Geral.

Pais, E. (2010). *Homicídio Conjugal em Portugal*. Lisboa: Imprensa nacional Casa da Moeda.

Resolução do Conselho de Ministros n.º 88/2003, de 7 de Julho. *Diário da República*.

Rodríguez Castro, Y., Lameiras, M., y Faílde, J.M. y Magalhaes, M.J. (2011). A situación da violencia de xénero en Portugal. En X. M. Cid (coord.), *Educación e Sociedade. Novas reflexións multidisciplinares. 10 anos da Facultade de Ciencias da Educación* (pp. 209-224). Ourense: Universidade de Vigo. ISBN: 978-84-8158-545-2

Rodríguez, Y., Peres, A., Lameiras, M. & Magalhaes, M.J. (2010). Evaluación del Sexismo hacia mujeres y hombres en una muestra de estudiantes portugueses. *Actas del VII Congreso Iberoamericano de Psicología*, 245-250.

U.M.A.R. (2011). União de Mulheres Alternativa e Resposta. Observatorio de Mulheres assassinadas. (Consultado 10 Jan 2010) (Disponible en: <http://www.umarfeminismos.org>.)